

INFORME DE CONXUNTURA SOCIOECONÓMICA

IV / 2018

FERNANDO GONZÁLEZ LAXE (COORD.)

JOSÉ FRANCISCO ARMESTO PINA

PATRICIO SÁNCHEZ FERNÁNDEZ

SANTIAGO LAGO PEÑAS

## ASPECTOS SALIENTABLES

**1.** No terceiro trimestre do ano consolídase a ralentización do ritmo de crecemento da economía galega, que presenta unha medra interanual do 2,6%, a porcentaxe máis reducida dende comezos de 2015. Con todo, por décimo trimestre consecutivo esta taxa é igual ou superior á rexistrada no conxunto do Estado, que no último trimestre medra un 2,5%. Asemade, o PIB galego segue a medrar por riba da media do conxunto da Unión Europea (1,9%) e da zona euro (1,7%), polo que se avanza no proceso de converxencia retomado coa recuperación económica.

**2.** O devandito incremento do PIB en Galicia ven explicado pola achega da demanda interna, xa que a demanda externa resta, por segundo trimestre consecutivo, décimas ao crecemento feito que non acontecía dende o primeiro trimestre de 2007. O cadro macroeconómico reflicte que tanto os agregados da demanda interna como os da demanda externa (exportacións e importacións) presentan un ritmo de crecemento interanual máis feble que no trimestre anterior. Non obstante, cómpre resaltar o forte impulso do investimento, que medra un 6,9% interanual, tres décimas máis que o estimado no conxunto da economía española.

**3.** Dende o punto de vista da oferta, por terceiro trimestre consecutivo todas as ramas de actividade contribúen de xeito positivo, salientando novamente o forte impulso do sector da construción, cunha medra do 6,9%, porcentaxe similar ao do trimestre anterior. O resto dos grandes sectores presentan unha ralentización no seu ritmo de crecemento, destacando pola súa importancia o comportamento da industria manufactureira,

que medra un 1,9%, o incremento máis reducido dende o primeiro trimestre de 2013 (3,3% no segundo trimestre de 2018). O sector servizos presenta unha suba interanual do 2,3% e o sector primario do 0,3% cando no trimestre anterior fora do 2,6% e 1,6%, respectivamente.

**4.** Os grandes agregados do mercado de traballo galego manteñen unha tendencia razoablemente positiva atendendo ao incremento da ocupación e á caída do desemprego. No que atinxe ao proceso de creación de emprego, entre os aspectos positivos destaca o incremento do número de asalariados con contrato indefinido e o descenso, por primeira vez nun terceiro trimestre dende o ano 2013, daqueles que asinan un contrato temporal. Doutra banda, a poboación parada descende un 15,8%, case cinco puntos por riba da media estatal, situándose a taxa de desemprego no 12,2%, a porcentaxe similar á do terceiro trimestre de 2009. Especialmente significativa é a redución do paro de longa duración tanto pola súa caída (-33,9%) como polo feito de que se produza en maior medida nas persoas maiores de 45 anos. Outro síntoma positivo da recuperación económica é o paulatino descenso do número de fogares galegos con todos os seus activos en situación de desemprego, así como das vivendas familiares que non reciben ningunha prestación.

**5.** Cómpre insistir na preocupación pola caída da poboación activa, especialmente grave no caso das persoas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos. Dunha banda, a pesar do incremento do número de activos de nacionalidade estranxeira, a poboación

activa en Galicia redúcese un 0,4% respecto ao ano anterior, o que contrasta co incremento interanual experimentado no conxunto do Estado. Doutra banda, a taxa de variación interanual da poboación activa entre 25 a 34 anos sitúase no -3,3% (7.900 persoas menos) fronte aos -1,2% no conxunto do Estado. Dende o comezo da recuperación económica no 1º trimestre de 2014, a poboación activa galega con idades comprendidas entre 25 e 34 anos descendeu en 66.500 persoas, o que supón unha caída superior ao 22%, porcentaxe tan só por baixo do rexistrado en Asturias (-28,4%).

6. Hai que incidir na persistencia de elementos preocupantes sinalados en informes anteriores como son a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media española ou o aínda elevado peso do desemprego de longa duración (41,4% cando en 2009 situábase

por baixo do 30%). Asemade, cómpre mencionar que a creación de emprego (24.000 persoas ocupadas máis) concéntrase case na súa totalidade no sector servizos (39.500 ocupados máis), descendendo no sector agrario e pesqueiro e no sector industrial, basicamente na industria manufactureira.

7. A dinámica do mercado inmobiliario industrial nos dez últimos anos amosa una forte caída nas vendas de naves industriais nos anos da crise, seguida dunha progresiva recuperación a partires de 2013. Os prezos non seguiron a mesma evolución e están lonxe de acadar os valores de 2008.

8. Os prezos de venda das naves industriais en Galicia sitúanse un 40% por abaixo da media estatal. As provincias de A Coruña e Pontevedra presentan prezos de aluguer e venda superiores aos de Lugo e Ourense, sendo as diferencias maiores no caso dos arrendamentos.

## CONTIDOS

### I- ANÁLISE CONXUNTURAL

- . Contas económicas.
- . Mercado de Traballo.

### II- COMENTARIO

- . Dinámicas del mercado inmobiliario industrial  
(Autor: Raúl Pérez Boán)

### III- ACTUALIDADE FORO

- . Efectos da crise económica en Galicia a través de 25 cadros ou gráficos

*O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.*

ISSN: 2530-318X

Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia  
Decembro de 2018

## I- ANÁLISE DE CONTAS

**CONTAS ECONÓMICAS TERCEIRO TRIMESTRE 2018:  
RALENTIZACIÓN DO RITMO DE CRECEMENTO DA ECONOMÍA GALEGA.**

*A economía galega presenta unha mínima ralentización no seu ritmo de crecemento interanual, ao medrar o PIB real no terceiro trimestre do ano un 2,6%, tres décimas menos que o rexistrado no trimestre anterior. Con todo, o PIB galego mantén un mellor comportamento que no conxunto do Estado (2,5%). A taxa de variación intertrimestral mantense no 0,6%.*


*Os datos reflectidos na Contabilidade trimestral amosan que o actual crecemento agregado do PIB ven motivado polo comportamento da demanda interna, xa que por segundo trimestre consecutivo a achega da demanda externa é negativa, aspecto que non acontecía dende finais de 2006 e primeiro trimestre de 2007. A devandita ralentización económica reflíctese tanto nos indicadores da demanda interna como externa, así como nos catro grandes sectores económicos agás a construción, que mantén o seu ritmo. En termos de crecemento, polo lado da demanda salienta o forte impulso do investimento (6,9%) e dende o lado da oferta, destaca o crecemento de case o 7% no sector da construción, reducíndose o ritmo de crecemento da industria manufacturera ata o 1,9%, o incremento máis reducido dende o primeiro trimestre de 2013.*

Por décimo trimestre consecutivo, a economía galega presenta un crecemento igual ou superior á media estatal. O PIB galego medrou no terceiro trimestre do ano un 2,6%, tres décimas menos que o experimentado no trimestre anterior, situándose o diferencial coa media estatal nunha décima. No conxunto da UE-28 e na zona euro o crecemento do PIB foi 1,9% e 1,7%, respectivamente, polo que

continúa o proceso de converxencia activa coa media europea retomado co inicio da recuperación económica.

En termos intertrimestrais, a economía galega, ao igual que a española, presenta un incremento do seu PIB do 0,6% no terceiro trimestre do ano, porcentaxe tres décimas superior á rexistrada na Unión Europea e catro décimas máis que na zona euro.

## Evolución do PIB real en Galicia e España 2012-2018



Fonte: IGE e INE

## DEMANDA AGREGADA

O crecemento agregado do PIB en Galicia no terceiro trimestre de 2018 ven explicado, por segundo trimestre consecutivo, tan só pola achega positiva da demanda interna, xa que a demanda externa detrae décimas ao crecemento do PIB. No terceiro trimestre de 2018 a demanda

interna contribúe con 2,7 puntos en tanto que o saldo exterior neto detrae unha décima ao crecemento do PIB. Comparado co rexistrado no conxunto do Estado, a achega da demanda interna en Galicia é inferior á estimada en España (3,0 puntos porcentuais no conxunto do Estado) sen-

## Achega da demanda interna e externa en Galicia e España 2016-2018




FIGURA 10.1.1.1

do negativa a achega da demanda externa (cinco décimas).

Entre os compoñentes da demanda interna é importante destacar que tanto os indicadores de consumo final como o investimento presentan unha ralentización no seu ritmo de crecemento. Dunha banda, no terceiro trimestre do ano o consumo das administracións públicas rexistra unha medra do 2,1%, medio punto por baixo do rexistrado no trimestre

anterior (3,2% no terceiro trimestre de 2017). Doutra banda, o consumo final das familias aumenta un 2,0%, unha décima menos que no trimestre anterior (1,5% no terceiro trimestre de 2017). Asemade, o investimento, medido en termos de formación bruta de capital, mantense como a variable con maior dinamismo, situándose a taxa de crecemento interanual no 6,9% fronte ao 8,6% experimentado no trimestre anterior.

## Cadro macroeconómico de Galicia 2016-2018. Taxas de variación interanual.

	%										
	2016/I	2016/II	2016/III	2016/IV	2017/I	2017/II	2017/III	2017/IV	2018/I	2018/II	2018/III
<b>Produto Interior Bruto</b>	3,5	3,3	3,6	3,1	3,2	3,2	3,2	3,1	3,1	2,9	2,6
<b>Demanda</b>											
Gasto en consumo final	1,9	2,4	2,2	0,7	1,6	0,8	1,9	2,0	2,5	2,2	2,0
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	2,2	2,0	1,9	1,5	0,6	1,3	1,5	1,8	2,6	2,1	2,0
AA. Públicas	1,0	3,7	2,9	-1,5	4,3	-0,3	3,2	2,5	2,3	2,6	2,1
Formación Bruta de Capital	2,4	2,0	2,6	3,5	4,3	4,6	7,0	6,1	6,8	8,6	6,9
<b>Achega demanda interna ao PIB</b>	2,0	2,3	2,2	1,2	2,0	1,4	2,7	2,6	3,1	3,2	2,7
Exportacións	3,0	3,9	5,8	7,3	6,7	6,7	0,9	5,9	7,7	4,6	3,7
Importacións	-0,1	2,2	3,3	3,6	4,5	3,4	-0,1	5,1	8,4	5,7	4,3
<b>Achega demanda externa ao PIB</b>	1,5	1,0	1,4	1,9	1,2	1,8	0,5	0,5	0,0	-0,3	-0,1
<b>Oferta</b>											
Sector primario	-1,6	-2,0	-2,0	-1,7	1,7	1,5	1,9	2,5	0,9	1,6	0,3
Industria	6,5	3,8	5,5	5,0	0,6	4,8	3,5	3,7	6,8	3,4	3,1
Industria manufacturera	6,6	2,8	5,5	3,9	3,4	6,3	5,0	4,6	4,6	3,3	1,9
Construción	3,0	3,6	5,2	4,9	7,2	6,4	6,1	7,0	5,9	6,9	6,9
Servizos	3,3	3,4	3,4	3,1	3,7	2,9	3,1	2,7	2,1	2,6	2,3
Comercio, transporte e hostalería	5,7	5,6	5,7	5,0	6,3	5,0	5,0	4,3	3,3	4,1	3,5
Información e comunicacións	10,7	13,6	14,9	11,0	12,9	7,3	5,9	5,3	1,2	5,9	5,1
Actividades financeiras e de seguros	-0,5	-0,1	0,9	2,4	1,5	0,9	1,5	-0,1	1,2	1,4	1,6
Actividades inmobiliarias	0,0	0,6	0,4	0,4	0,9	0,0	0,4	0,5	0,2	0,9	1,2
Actividades profesionais	4,7	4,5	3,9	3,4	4,2	3,4	4,0	4,1	3,9	4,7	4,8
Administración pública, sanidade e educación	1,2	2,2	2,2	1,4	2,1	1,5	2,0	2,4	1,3	1,3	0,7
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	3,3	1,4	0,3	-0,2	0,0	0,2	0,3	0,2	0,4	0,5	0,4

Fonte: IGE


En comparación coa evolución destes indicadores na economía española, cómpre mencionar que no último trimestre o investimento presenta en Galicia un incremento superior ao reflectido nas contas económicas trimestrais de España (6,9% e 6,6%, respectivamente). Sen embargo, o gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fin de lucro presenta en España unha taxa de variación interanual do 2,1%, unha décima máis que o rexistrado na economía galega.

No concerne ao sector exterior, o cadro macroeconómico de Galicia reflicte, ao igual que no segundo trimestre do ano, unha importante desaceleración no ritmo de crecemento das exportacións e importacións. Dunha banda, no terceiro trimestre de 2018 as exportacións galegas me-

dran un 3,7% respecto ao mesmo período do ano anterior, nove décimas menos que o rexistrado no segundo trimestre. Doutra banda, as compras fóra de Galicia o fan nun 4,3%, 1,4 puntos menos que no trimestre anterior. Como se aprecia no gráfico seguinte, no conxunto do Estado tanto as vendas ao exterior como ás compras procedentes de terceiros países presentan un incremento significativamente inferior ao rexistrado en Galicia, medrando as exportacións un 0,4% e as importacións un 2,0%. Tras esta evolución, o saldo exterior neto encadea en Galicia dous trimestres consecutivos sendo negativa (unha décima no último trimestre), aspecto que non acontecía dende o cuarto trimestre de 2006 e primeiro de 2007. Ao igual que na Comunidade Autónoma, a achega da



## PIB real en Galicia e España terceiro trimestre 2018. Indicadores de demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE

demanda externa en España é negativa, detraendo cinco décimas ao crecemento agregado do PIB da economía española.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, os datos do ICEX reflicten que o valor total das exportacións galegas no terceiro trimestre do ano medrou un 8,2% respecto ao mesmo período do ano anterior, a porcentaxe máis elevada nun terceiro trimestre dende o ano 2013. Por contra, as importacións galegas aumentan un 16,1% cando no ano anterior o fixeran un 6,8%. Tras esta evolución, o saldo positivo da balanza de pagos galega redúcese un 23,1%, situándose nos 778,6 millóns de euros.

Neste segundo trimestre, a cota de mercado das exportacións galegas no total estatal ascende ata o 8,1%, tres décimas máis que no ano anterior, en tanto que no caso das importacións, esta porcentaxe

ascende ata o 6,0%, o valor máis alto nun terceiro trimestre dende 2012 (5,6% no ano anterior).

O sector do automóbil e as actividades de téxtil e confección seguen a ser os sectores exportadores máis importantes en termos de valor. Dunha banda, no terceiro trimestre de 2018, a pesar do descenso do 3,7% respecto ao mesmo período do ano anterior, o téxtil vendeu ao exterior produtos por valor de 1.467,5 millóns de euros, o que representa o 27% das exportacións galegas. Doutra banda, as vendas do sector do automóbil aumentaron ata os 788,3 millóns de euros, un 34,8% máis que no ano anterior, concentrando o 14,5% do total galego. Ambas actividades acollen o 41,6% das exportacións galegas fronte ao 46,2% existente no terceiro trimestre de 2008 (50,7% en 2009). Como se reflicte no gráfico seguinte, a crise económica


afectou de maneira especial ao sector do automóbil, cuxo peso relativo descende 15 puntos entre os terceiros trimestres de 2009 e 2012, representando neste último ano o 15,7% do valor total das exportacións galegas. Este sector acada un mínimo no ano 2017, cun 11,7%. Pola contra, o téxtil-confección mantén unha acusada tendencia ascendente, acadando un máximo en 2017, cun 30,4% das exportacións galegas (20,0% en 2009).

No concernente ao saldo da balanza co-

mercial dos distintos sectores no terceiro trimestre de 2018, o subsector téxtil-confección, a pesar do descenso do 17% respecto ao ano anterior, mantense como o sector co saldo positivo máis elevado, con 915,2 millóns de euros. Pola contra, o sector do automóbil mantén o saldo deficitario rexistrado nos últimos dous anos, situándose no último trimestre en 194,8 millóns de euros, a metade do rexistrado no mesmo período do ano anterior.

Ademais da devandita concentración

### Exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-confección no terceiro trimestre 2009-2018.




Fonte: IGE

sectorial, cabe insistir na elevada concentración xeográfica. Neste senso, tras unha medra do 13,3% no importe das vendas ao conxunto dos países da UE-28, o mercado comunitario representa no terceiro trimestre de 2018 o 77,7% das exportacións galegas, 3,5 puntos superior á do ano anterior, a porcentaxe máis elevada dende 2009. Francia e Portugal seguen sendo os principais clientes das empresas galegas ao acoller o 17,0% das vendas ao


exterior e o 13,6%, respectivamente, saíntando ademais que os sete países máis importantes onde se dirixen as vendas das empresas galegas son países comunitarios, concentrando o 64,2% do valor total das exportacións. Xunto á caída de máis de nove puntos da importancia relativa de Francia, cómpre resaltar o incremento do peso relativo das exportacións a Bélxica (3,0 puntos) e Italia e o Reino Unido (2,8 puntos).

## Exportacións galegas terceiro trimestre 2018. Distribución sectorial e xeográfica

Distribución sectorial



Distribución xeográfica



Fonte: ICEX

## AGREGADOS DA OFERTA

Por terceiro trimestre consecutivo todas as ramas de actividade presentan en Galicia taxas de crecemento interanual positivas. Xunto a este aspecto positivo cómpre resaltar novamente o forte impulso do sector da construción, que cunha medra interanual do 6,9% mantense como o sector de maior dinamismo. A continuación situaríase o conxunto do sector industrial, cunha taxa de crecemento interanual do 3,1%, e o sector servizos, cun 2,3% respecto ao ano anterior, sendo estas porcentaxes tres décimas inferior ás do trimestre anterior. Por último, o sector primario presenta no terceiro trimestre do ano un incremento do 0,3%, porcentaxe significativamente inferior á rexistrada no trimestre anterior (1,6%).

Entre as distintas ramas de actividade englobadas no sector servizos, cómpre resaltar pola súa importancia a ralentización no ritmo de crecemento das actividades de comercio, transporte e hostalería, cunha medra do 3,5%, seis décimas menos que no trimestre anterior, e o incremento do 4,8% do subsector de actividades profesionais, unha décimas máis que no segundo trimestre do ano. Asemade, hai que mencionar que o incremento máis acusado foi o experimentado polo conxunto de actividades de información e comunicacións, cun 5,1%.

En sentido negativo, destacar que o valor engadido bruto xerado pola industria manufacturera presenta o ritmo de crecemento máis feble dende o primeiro trimestre de 2013. O sector de manufacturas galego medra no terceiro trimestre de


2018 un 1,9% fronte ao 3,3% do trimestre anterior.

Comparado coas taxas de crecemento no conxunto da economía española, o diferencial dunha décima a favor da economía galega explícase tanto polo comportamento do sector industrial como do sector primario. Dunha banda, no conxunto do Estado o conxunto das ramas primarias contráese un 0,6% respecto ao ano anterior; doutra banda, a industria presenta unha taxa de variación interanual do 1,3%, case dous puntos menos que en Galicia. Por contra, tanto a construción como os servizos presentan no conxunto de España unha medra de tres décimas por riba da rexistrada na Comunidade Autónoma.

Entre as distintas ramas de actividade, cómpre mencionar o maior incremento da industria manufacturera (1,9% fronte a 1,6% no Estado) e do subsector de comercio, transporte e hostalería (3,5% fronte ao 3,1% de media en España); mentres que no extremo oposto, volve a chamar a atención o diferencial que amosan as actividades profesionais, pois medran un 6,2% en España fronte ao 4,8% na Comunidade Autónoma.

Tras esta evolución, aumenta o peso relativo do veb xerado en Galicia polas actividades de comercio, transporte e hostalería ata o 25,5%, situándose esta porcentaxe no 18,4% no caso das administracións públicas, sanidade e educación, e no 14,1% no caso da industria manufacturera. As actividades profesionais, vinculadas en gran medida ao desenvol-

**Produto Interior Bruto en Galicia e España no terceiro trimestre de 2018: distribución segundo principais compoñentes da oferta. Taxas de variación interanual**




Fonte: IGE e INE

vemento da actividade manufacturera, xeran o 5,9% do veb galego. Atendendo á evolución da estrutura produtiva galega dende o terceiro trimestre de 2008, cómpre resaltar en primeiro lugar o forte impacto da crise económica no sector da construción e na industria manufacturera, salientando no extremo oposto o aumento do subsector da administración pública, sanidade e educación, así como o de comercio, transporte e hostalería. Co inicio da recuperación econó-

mica aumenta significativamente o peso do comercio, transporte e hostalería (1,9 puntos), sendo máis feble esta tendencia no caso da construción e a industria manufacturera (sete e cinco décimas). Pola importancia da industria manufacturera no crecemento estable e medio e longo prazo, cómpre insistir unha vez máis na necesidade de reformas estruturais que permitan acelerar o crecemento do peso industrial e cumprir así os obxectivos fixados para o ano 2020.



## Estrutura produtiva de Galicia no terceiro trimestre de 2008, 2014 e 2018 (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE


## PRODUTIVIDADE APARENTE DO TRABALLO

A modo de conclusión cómpre facer referencia á evolución da produtividade aparente do factor traballo (PFT), que se mantén como un dos problemas recorrentes máis importantes da economía galega. A partir dos datos recollidos nas contas trimestrais, se pode realizar unha aproximación á produtividade a través de dous indicadores complementarios: o cociente entre o PIB e o número de postos de traballo equivalente a tempo com-

pleto, e a relación entre o PIB e o número de horas traballadas.

O primeiro elemento que se pode destacar é que ambos os dous indicadores presentan unha evolución positiva no período de tempo considerado. Se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a PFT en Galicia supón no terceiro trimestre de 2018 o 96,5% da produtividade no conxunto do Estado, fronte ao 87,3% ao

## Produtividade aparente de factor traballo en Galicia no terceiro trimestre 2015-2018 (España = 100)



comezo da crise económica e o 91,3% ao comezo de 2014. No caso da produtividade por hora traballada, esta porcentaxe tamén mellora, ascendendo ata o 92% no terceiro trimestre de 2018 fronte ao 81,8% de 2008 (85,3% en 2014).

No último ano, a converxencia da produtividade galega á media estatal explícase tanto por un maior crecemento do PIB en termos nominais (3,6% fronte ao 3,5% en España) como pola maior debilidade no proceso de creación de emprego. O número de postos de traballo equivalentes a tempo completo medra en Galicia un 1,6% fronte ao 2,5% no conxunto do Estado, en tanto que as horas traballadas se incrementan un 0,4% en Galicia lonxe do 2,9% de media en España. Deste xeito, estatisticamente a produtividade mellorou un 1,6% no primeiro caso, e un 3,2% se se mide en relación ás horas traballadas (1,0% e 0,6% en España, respectivamente).

Como segundo elemento a destacar, cómpre insistir novamente na baixa produtividade da industria manufacturera en comparación co acontecido no conxunto da economía española. Este é un factor preocupante se se ten en conta a importancia do sector industrial na definición dun modelo de crecemento estable a medio e longo prazo. No terceiro trimestre do ano, a produtividade aparente no sector de manufacturas medida en termos de postos de traballo mantense constante (medra un 2% na economía

española), descendendo lixeiramente no caso das horas traballadas (-0,4% fronte á medra do 0,8% no conxunto do Estado). Deste xeito, descende a importancia relativa da produtividade aparente do factor traballo que se sitúa no 78,7% da media española en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, e no 80,9% se se mide en relación ás horas traballadas.

No terceiro trimestre de 2018 todos os sectores de actividade presentan un incremento da produtividade aparente do factor traballo en termos de emprego equivalente a tempo completo. Como se aprecia no cadro seguinte, a caída do emprego no sector primario por riba do 5% en Galicia explica, fundamentalmente, a medra da produtividade do 6,7% (7,1% no caso das horas traballadas). A produtividade aparente calculada en relación ás horas traballadas descende en Galicia tan só no caso da industria manufacturera (-0,4%).

En comparación coa media estatal, o sector primario galego presenta unha produtividade superior á media española en termos de emprego equivalente, acadando o 103,4% (España = 100), a diferenza do acontecido no caso das horas traballadas (83,4%). Por contra, a construción presenta unha produtividade aparente superior á media española en termos de horas traballadas (112,2%), ascendendo ata o 98,8% no caso do emprego equivalente a tempo completo.

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE



## Produtividade aparente de factor traballo en Galicia e España no terceiro trimestre 2018. Taxa de variación interanual. Distribución segundo sectores

### Postos de traballo equivalentes a tempo completo

	GALICIA			ESPAÑA		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
<b>Total</b>	3,6%	1,6%	2,0%	3,5%	2,5%	1,0%
Sector primario	1,4%	-5,3%	6,7%	-2,2%	-1,4%	-0,8%
Industria	6,1%	2,9%	3,2%	2,9%	0,6%	2,3%
Ind. Manufactureira	3,1%	3,1%	0,0%	2,6%	0,6%	2,0%
Construción	5,8%	4,6%	1,2%	8,2%	8,7%	-0,5%
Servizos	2,8%	1,8%	1,0%	3,4%	2,5%	0,8%

### Horas traballadas

	GALICIA			ESPAÑA		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
<b>Total</b>	3,6%	0,4%	0,4%	3,5%	2,9%	0,6%
Sector primario	1,4%	-5,6%	-5,6%	-2,2%	-1,9%	-0,3%
Industria	6,1%	3,2%	3,2%	2,9%	1,5%	1,4%
Ind. Manufactureira	3,1%	3,6%	3,6%	2,6%	1,8%	0,8%
Construción	5,8%	2,8%	2,8%	8,2%	10,8%	-2,6%
Servizos	2,8%	0,4%	0,4%	3,4%	2,7%	0,6%

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

Finalmente, cómpre deixar constancia de que a información actual recollida nas contas económicas trimestrais non reflicten os cambios nos hábitos de consumo, onde o comercio on-line adquire

cada vez maior relevancia. É por isto que sería necesario facer un esforzo para medir o VEB xerado por estas actividades xa que as empresas prestan cada vez maior atención a estes cambios.

## 2- MERCADO DE TRABAJO

### TENDENCIA RAZOABLEMENTE POSITIVA DO MERCADO DE TRABAJO NO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2018

*No actual contexto de ralentización da economía galega, pódese afirmar que o mercado de traballo galego mantén a súa tendencia razoablemente positiva atendendo ao incremento da ocupación e á caída do desemprego. No primeiro caso destaca o incremento do número de asalariados con contrato indefinido e o descenso, por primeira vez nun terceiro trimestre dende o ano 2013, daqueles que asinan un contrato temporal. No eido do desemprego, a poboación parada descende un 15,8%, case cinco puntos máis que no conxunto do Estado, situándose a taxa de desemprego no 12,2%, porcentaxe similar á estimada no terceiro trimestre de 2009. É especialmente significativa a evolución do paro de longa duración, tanto pola súa caída (-33,9%) como polo feito de que se produza en maior medida nas persoas maiores de 45 anos.*

*Con todo, existen aspectos negativos nos que hai que seguir insistindo como son a continua caída da poboación activa, especialmente grave no caso da poboación de 25 a 34 anos, a menor capacidade de creación de emprego en comparación coa media española, ou o aínda elevado peso relativo do desemprego de longa duración a pesar do seu importante descenso. Asemade, cómpre mencionar a elevada concentración da creación do emprego no sector servizos, o descenso da poboación ocupada na industria manufacturera no terceiro trimestre do ano, así como o menor peso relativo das actividades de manufacturas na ocupación galega en comparación co estimado ao comezo da recuperación económica.*

#### POBOACIÓN ACTIVA

A poboación activa galega mantén a súa tendencia descendente, acadando no terceiro trimestre do ano as 1.294,4 miles de persoas, case 5.000 menos que no mesmo período do ano anterior. En termos relativos, este descenso foi do 0,4% o que contrasta co incremento interanual experimentado no conxunto do Estado. Fronte a este descenso é importante mencionar o incremento do número de activos de na-

cionalidade estranxeira, que se sitúa en 62.800 persoas (6.600 máis que na mesma data do ano anterior), a cifra máis elevada dende o segundo trimestre de 2013.

Convén seguir insistindo na gravidade da caída da poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, así como na necesidade de medidas específicas para reverter esta situación. No terceiro trimestre do ano Galicia conta con 231.300 persoas activas de 25 a 34 anos, sendo a taxa de variación interanual do -3,3% (7.900 per-

soas menos) fronte aos -1,2% no conxunto do Estado. A diferenza do acontecido coa evolución do número total de activos de nacionalidade estranxeira, a poboación activa estranxeira con idades comprendidas entre 25 e 34 anos descende no último ano en 1.400 persoas (8,3% en relación ao mesmo trimestre do ano anterior).


Dende o comezo da recuperación económica no 1º trimestre de 2014, a poboación activa galega con idades comprendidas entre 25 e 34 anos descendeu en 66.500 persoas, o que supón unha caída do 22,3%, porcentaxe tan só por baixo do rexistrado en Asturias (-28,4%).

### Principais datos do mercado de traballo no terceiro trimestre 2014-2018

	2014	2015	2016	2017	2018	2018 / 2017	
						milles personas	%
<i>Miles de persoas</i>							
<b>Poboación maior de 16 anos</b>	2.367,6	2.357,3	2.349,3	2.339,9	2.333,4	-6,5	-0,3
<b>Poboación activa</b>	1.275,6	1.261,9	1.264,6	1.254,2	1.249,4	-4,8	-0,4
<b>25 - 34 anos</b>	285,2	271,7	257,3	239,2	231,3	-7,9	-3,3
<b>Poboación ocupada</b>	1.017,3	1.039,0	1.057,9	1.072,5	1.096,5	24,0	2,2
<b>Conta propia</b>	221,9	217,5	219,7	224,2	217,0	-7,2	-3,2
<b>Conta allea</b>	795,1	821,4	837,9	847,9	879,5	31,6	3,7
<b>Outra situación</b>	0,4	0,2	0,3	0,4	0,0	-0,4	-100,0
<b>Poboación parada</b>	258,3	222,8	206,7	181,7	153,0	-28,7	-15,8
<b>Parado longa duración</b>	140,9	127,3	110,0	95,7	63,3	-32,4	-33,9
<b>Poboación inactiva</b>	1.092,0	1.095,4	1.084,7	1.085,6	1.084,0	-1,6	-0,1
<b>Taxa de actividade</b>	53,9%	53,5%	53,8%	53,6%	53,5%		
<b>Taxa de ocupación</b>	43,0%	44,1%	45,0%	45,8%	47,0%		
<b>Taxa de paro</b>	20,2%	17,7%	16,3%	14,5%	12,2%		
<b>Taxa de temporalidade</b>	24,6%	27,5%	27,4%	28,1%	26,8%		
<b>Afiliacións (media trimestral)</b>	935,7	952,5	970,4	991,3	1.013,6	22,3	2,2
<b>Paro rexistrado (media trimestral)</b>	238,5	215,3	194,3	182,4	164,7	-17,6	-9,7

Fonte: INE

### Evolución da poboación activa e taxa de actividade en Galicia 2008-2018



Fonte: INE

A taxa de actividade, que relaciona a poboación activa coa poboación maior de 16 anos, sitúase no terceiro trimestre de 2018 en Galicia no 53,5%, unha décima menos que no mesmo período do ano anterior. Esta porcentaxe é significativamente inferior á estimada no conxunto do mercado laboral español (58,7%), manténdose novamente como a segunda Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida tan só por diante de Asturias (51,1%).


## OCUPACIÓN

A ralentización da economía galega trasladase ao mercado de traballo galego ao presentar os tres indicadores de emprego considerados (Seguridade Social, EPA e postos de traballo a tempo completo) taxas de variación interanuais inferiores ás rexistradas no trimestre anterior. Tanto a EPA como as contas económicas reflicten unha medra do emprego catro décimas inferior ao incremento experimentado no segundo trimestre do ano, sendo este diferencial de sete décimas no caso das afiliacións á Seguridade Social. No terceiro

trimestre do ano 2018 a poboación ocupada estimada pola EPA presenta unha medra interanual do 2,2% (24.000 ocupados máis), incremento similar ao do número de afiliacións rexistradas (22.278 afiliacións máis), sendo esta porcentaxe do 1,6% no caso das contas económicas (16.067 postos de traballo equivalente a tempo completo). Con todo, se a comparación se realiza co terceiro trimestre do ano anterior, os datos non son tan concluíntes xa que mentres que a EPA presenta un incremento superior neste último trimestre (2,2% fronte ao 1,4% no ano anterior), as afiliacións á Seguridade manteñen o seu ritmo de crecemento no 2,2%, ralentizándose tan só no caso do emprego recollido nas contas económicas (1,6% fronte ao 1,9% no ano anterior).

O devandito aspecto positivo da creación de emprego non é suficiente cando se compara coa evolución seguida no conxunto do Estado, xa que Galicia continúa, un trimestre máis, con medras inferiores á media estatal nos tres indicadores mencionados: as contas económicas e as

## Ocupación e desemprego en Galicia 2013-2018. Taxas de variación interanuais



Fonte: IGE

estimacións da EPA reflicten unha medra do 2,5% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, sendo esta porcentaxe do 2,9% no caso das afiliacións.

Tras o devandito incremento do número de afiliacións, Galicia supera no terceiro trimestre de 2018 o millón de afiliacións, acadando as 1.013.621 afiliacións (media mensual de xullo a setembro), feito que non acontecía dende o mesmo trimestre de 2010. O incremento de 22.728 afiliacións en relación á mesma data do ano anterior explícase fundamentalmente pola medra do 3,5% nas afiliacións ao réxime xeral (24.974 afiliacións máis), aumentando un 4,8% no caso do réxime agrario (283 afiliacións máis). Por contra, descenden o número de autónomos, o de afiliacións ao réxime especial de empregados do fogar e ao réxime espacial do mar, tanto por conta allea como propia. No terceiro trimestre do ano as afiliacións ao réxime xeral aumenta en Galicia ata as 746.464 afiliacións, mentres que o número de autónomos descende ata os 212.680 afiliacións, 2.381 menos que a media mensual de xullo a setembro (-1,1%).


Centrándonos na análise da poboación ocupada, Galicia conta con 1.096.500 ocupados no terceiro trimestre do ano, 24.000 persoas máis que no mesmo período do ano anterior. A diferenza do que acontece en España, a ocupación feminina en Galicia presenta, tanto en termos absolutos como relativos, un mellor comportamento que a masculina, aumentando a ocupación en 13.700 persoas no caso das mulleres (2,7%) e en 10.300 no dos homes (1,8%). En termos relativos, o mercado laboral de España presenta un mellor

comportamento que o galego no caso da ocupación masculina, sendo o crecemento similar no das mulleres (2,3% e 2,7%, respectivamente, en España).

A taxa de ocupación, que mide a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos, aumenta ata o 47%, 3,2 puntos menos que no conxunto do Estado (50,2%). Comparado co resto das CC.AA., Galicia presenta novamente unha taxa de ocupación tan só superior ás estimadas para Extremadura (43,3%), Andalucía (43,8%) e Asturias (44,2%).

No concernente á distribución sectorial da ocupación, no terceiro trimestre de 2018 o sector servizos acolle o 72,1% dos ocupados galegos (791.700 persoas), sete puntos máis que na mesma data de 2009, destacando pola súa importancia cuantitativa as actividades de comercio e reparación de vehículos de motor, con 183.200 persoas (16,7% do total), as actividades sanitarias e de servizos sociais, con 101.100 persoas (9,2%) e a hostalería, con 89.100 ocupados (8,1%). A industria manufacturera concentra un 13,9% da ocupación (152.300 persoas), entre cuxas ramas de actividade salientan as industrias de alimentación e bebidas que acollen a 39.600 persoas (3,6% da ocupación galega), e as de fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais, con 36.100 ocupados (3,3% da poboación ocupada en Galicia). Finalmente, a construción da emprego ao 6,2% da poboación ocupada galega (67.500 persoas), en tanto que o sector agrario representa o 4,9% da ocupación total (54.000 ocupados) e as actividades da pesca e acuicultura, o 1,5% restante (16.200 persoas).

Composición relativa da ocupación en Galicia no terceiro trimestre 2010, 2014, 2018: distribución segundo principais ramas de actividade



Comparado coa composición sectorial no conxunto de España, salienta o maior peso relativo tanto do sector primario (3,9% en España) como da industria manufacturera (12,5% no Estado), mentres que o sector servizos representa o 75,8%. A construción presenta unha porcentaxe lixeiramente superior (6,4%).

Atendendo á evolución da composición sectorial da ocupación galega, cómpre resaltar novamente o incremento do peso do sector servizos, que concentraba en 2009 o 65,1% da ocupación fronte ao 72,2% no último trimestre de 2018. Por contra, descende en 4,1 puntos porcentuais a importancia relativa do sector da construción e en case dous puntos a do sector primario. Asemade, pola súa importancia estratéxica hai que mencionar o descenso experimentado no caso da industria manufacturera, que en 2009 representaba un 14,9% fronte ao 13,9% do último trimestre. Entre as distintas ramas de actividade, o comercio mantén o seu peso relativo no 16,7%, aumentando en máis de dous puntos a importancia relativa das actividades sanitarias e de servizos.

O devandito incremento interanual da ocupación de 24.000 persoas explícase case na súa totalidade polo comportamento experimentado no sector servizos, que presenta unha medra de 39.500 persoas en relación ao ano anterior, cando en 2017 este incremento foi de tan só 5.900 persoas. Entre as distintas ramas de actividade, todas presentan taxas de variación interanuais positivas agás a educación e as actividades de información e comunicación (4.900 e 2.200 ocupados menos), salientando os incrementos no sector de actividades profesionais, científicos e técnicos, con 7.400 persoas ocupadas máis,


e a hostalería, con case 7.000 persoas máis. Ademais dos servizos, a construción experimentou unha medra de 1.000 ocupados máis, cando nos dous anos anteriores descendera a ocupación no terceiro trimestre.

Por contra, o emprego redúcese no sector primario e no industrial. Dunha banda, tanto o subsector agrario como a pesca presentan no último ano unha caída da ocupación de 4.000 persoas ocupadas. Doutra, a industria manufacturera experimenta unha caída da poboación ocupada de 6.300 persoas entre o terceiro trimestre de 2018 e 2017, motivada fundamentalmente pola evolución da ocupación na industria de alimentación, con 4.800 ocupados menos e a industria da madeira e papel, con 3.400 persoas menos. No extremo oposto, a ocupación medra no caso da metalurxia e da fabricación de material de transporte e grandes reparacións industriais, con 2.800 e 1.500 traballadores máis.

No que atinxe á situación profesional dos ocupados, o 80,2% dos ocupados galegos no terceiro trimestre do ano son traballadores por conta allea (879.500 persoas) fronte ao 19,8% restante (217.000 ocupados) que son traballadores por conta propia. No que aos asalariados se refire, Galicia conta con 689.500 traballadores no sector privado, o 62,9% da poboación ocupada galega, e 190.000 ocupados no sector público (17,3%). Entre os traballadores por conta propia, salientan os empresarios sen asalariados ou traballadores independentes, con 138.800 persoas, o 12,7% da poboación ocupada galega.

Comparado coa estrutura da ocupación no conxunto do Estado, unha primeira diferenza radica no maior peso relativo dos

## Evolución da poboación ocupada en Galicia no terceiro trimestre: distribución segundo rama de actividade. Variación interanual (miles de persoas).



traballadores por conta propia, tanto daqueles que teñen asalariados ao seu cargo (5% en España e 6,4% en Galicia) como dos empresarios sen asalariados ou traballadores independentes (10,2% e 12,7%, respectivamente). Doutra banda, entre os asalariados o peso relativo do sector público segue sendo superior á media española (16,2% no conxunto do Estado), a diferenza do acontecido no caso do sector privado (67,9%).


Atendendo á evolución da ocupación respecto ao mesmo período do ano ante-

rior, tanto en Galicia como en España medra o número de traballadores por conta allea e descende no caso dos traballadores por conta propia, sendo esta tendencia máis acusada na Comunidade autónoma. Dunha banda, o número de traballadores por conta propia descende en Galicia un 3,2% (-14.400 persoas), o dobre do rexistrado no conxunto do Estado, estando xustificada este diferencial polo maior descenso dos empresarios sen asalariados ou traballadores independentes (5,7% en Galicia e 2,2% en España). Doutra ban-




**Poboación ocupada en Galicia e España no terceiro trimestre 2018: distribución porcentual segundo situación porcentual**

**GALICIA**



**ESPAÑA**





Fonte: INE

da, o maior crecemento dos asalariados en Galicia (3,7% fronte aos 3,3% en España), explícase pola evolución do emprego no sector privado, que medra en Galicia un 4,1% fronte ao 3,3% en España. Os asalariados no sector público medran un 2,5% na Comunidade Autónoma, nove décimas menos que en España.

Atendendo á calidade de emprego creado no terceiro trimestre de 2018, por primeira vez dende o ano 2013 descende nun terceiro trimestre o número de asalariados temporais respecto ao mesmo período do ano anterior. En 2018 Galicia conta cun total de 235.400 asalariados con contrato temporal, 3.100 menos que no terceiro trimestre do ano anterior. Pola contra, o número de persoas asalariadas con contratos indefinidos aumenta novamente para situarse nos 644.100 ocupados, 34.700 máis que no mesmo trimestre do ano anterior.

A crise económica afectou principalmente ás persoas asalariadas con contrato temporal, que acadou en Galicia un mínimo no primeiro trimestre de 2014, presentando a partir de entón unha tendencia crecente, de maneira que no terceiro trimestre do ano o número de asalariados temporais é aínda un 17,1% inferior ao rexistrado en 2008 (9,6% no conxunto do Estado). Por contra, o número de asalariados con contrato indefinido no terceiro trimestre de 2018 supera en Galicia xa o nivel precrise, a diferenza do que acontece en España (1% por baixo).

## Evolución dos asariables en Galicia e España 2008-2018




Fonte: IGE

Deste xeito, a taxa de temporalidade no terceiro trimestre de 2018 acadou un valor de 26,8%, porcentaxe inferior á rexistrada no mesmo trimestre nos últi-

mos tres anos. Dende o primeiro trimestre de 2014, cando se acadou o nivel máis baixo, a temporalidade aumentou en 5,5 puntos

## Evolución da taxa de temporalidade en Galicia 2006-2018



Fonte: IGE

### DESEMPREGO

O número de persoas paradas estimadas pola EPA redúcese en Galicia en 28.700 persoas en relación ao mesmo período do ano anterior, acadando os 153.000 parados. En termos relativos, este descenso foi do 15,8%, case cinco puntos por riba do experimentado no conxunto do Estado (10,9%), a porcentaxe máis acusada dende o comezo da recuperación tan só por detrás da rexistrada no primeiro trimestre de 2016. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, tan só catro comunidades presentan unha redución superior á de Galicia: Cantabria (-29,7%), A Ríoxa (-22,0%), Baleares (-19,6%) e País Vasco (-19,0%). Por contra, raléntízase o ritmo de descenso do número de persoas rexistradas no servizo público de em-

go, cunha taxa de variación interanual do 9,7%, porcentaxe inferior á experimentada nos dous primeiros trimestres de 2018. Tras esta caída, Galicia conta con 164.719 parados (17.632 persoas menos que no mesmo trimestre do ano anterior).

O bo comportamento do mercado de traballo reflíctese tamén no paulatino descenso da taxa de desemprego, que no terceiro trimestre situouse no 12,2% (2,3 puntos menos que no conxunto do Estado), porcentaxe similar á do terceiro trimestre de 2009. Este descenso é superior no caso das mulleres que dos homes, situándose a taxa de paro feminina no 13,4% (2,4 puntos menos que no mesmo período do ano anterior) e do 11,1% entre os homes (2,1% puntos menos). A taxa de desemprego dos menores de 25 anos, tras un descenso de 2,1 puntos, sitúase

## Taxa de paro en Galicia no terceiro trimestre de 2010-2018

	Total	Homes	Mulleres %	Longa duración	Menores 25 anos
<b>2009</b>	12,2	11,4	13,2	3,4	30,9
<b>2010</b>	14,8	14,0	15,8	5,8	34,6
<b>2011</b>	17,1	16,2	18,1	6,9	33,3
<b>2012</b>	20,0	20,3	19,6	9,0	46,1
<b>2013</b>	21,6	22,0	21,2	11,0	47,6
<b>2014</b>	20,2	20,0	20,5	11,0	46,2
<b>2015</b>	17,7	16,7	18,8	10,1	40,4
<b>2016</b>	16,3	15,7	17,1	8,7	37,6
<b>2017</b>	14,5	13,2	15,8	7,6	32,6
<b>2018</b>	12,2	11,1	13,4	5,1	30,5

Fonte: IGE

en 30,5%, catro décimas por riba do estimado no mesmo período de 2009.


A importancia do descenso do paro adquire maior relevancia se cabe pola acusada caída do desemprego de longa duración. No terceiro trimestre de 2018 atopábanse nesta situación un total de 63.300 persoas, 32.400 parados menos que no mesmo período do ano anterior (-33,9%), nivel que non se observaba dende o ano 2009. Asemade, a taxa de desemprego de longa duración descende ata o 5,1%, 2,5 puntos menos que no ano anterior. Comparado co primeiro trimestre de 2014, cando o nivel de desemprego total e de longa duración máis elevado, o desemprego de longa duración redúcese en 91.100 persoas.

Con todo, este segue a ser un dos principais problemas do mercado de traballo galego xa que o 41,4% dos parados ga-

legos son parados de longa duración, a porcentaxe máis baixa dende o terceiro trimestre de 2011 (40,4%). Ao comezo da crise económica esta porcentaxe situábase por baixo do 30%.

O devandito descenso do paro de longa duración prodúcese nos diferentes grupos de idade, salientando, pola súa maior dificultade de empregabilidade, a caída estimada para as persoas maiores de 55 anos e os de 45 a 54 anos. A diferenza do acontecido no ano anterior, o paro de longa duración entre as persoas de 55 ou máis anos descende en 7.700 persoas respecto á mesma dato do ano anterior (35%) para situarse nas 14.300 persoas, o 22,6% do total galego. Entre as persoas con idades comprendidas 45 e 54 anos que levan máis dun ano en situación de desemprego, a redución foi de 6.200 persoas respecto ao terceiro trimestre do

## Evolución do desemprego e do paro de longa duración 2009-2018



Fonte: IGE

■ PLD / Paro total    ● Paro longa duración    ▲ Paro total

ano anterior, acadando as 18.700 persoas, o 29,5% dos parados galegos de longa duración.


O descenso máis acusado en termos absolutos estímase no caso das persoas de 35 a 44 anos, con 11.600 persoas paradas menos, situándose nas 15.600 persoas (24,6% do paro galego de longa duración), en tanto que os parados menores de 25 anos que levan máis dun ano en situación de desemprego, acadan as 3.200 persoas, 3.300 menos que no terceiro trimestre do ano anterior (o 5,1% dos parados de longa duración en Galicia).

Outro síntoma positivo da recuperación económica é o paulatino descenso do número de fogares galegos con todos os seus activos en situación de desemprego. No terceiro trimestre de 2018 en Galicia hai en 53.000 vivendas familiares onde todos os seus activos son parados, 8.800 fogares menos que no mesmo período do ano anterior e 38.500 menos que no

primeiro trimestre de 2014. A pesar deste descenso, este indicador aínda é superior ao estimado nos terceiros trimestres de 2009 e 2010. Asemade, cómpre resaltar que se mantén o incremento do número de fogares onde todos os seus activos son ocupados, acadando as 607.000 vivendas no terceiro trimestre do ano, cifra superior en case 8.000 fogares á estimada para o terceiro trimestre de 2009. Comparado co mesmo período do ano anterior, Galicia conta con case 13.000 fogares máis onde todos os seus activos están ocupados.


Doutra banda, o número de fogares sen preceptores descende ata as 32.200 vivendas, 1.400 menos que no mesmo período do ano anterior, cifra que se sitúa non obstante significativamente por riba da estimada en 2009 e 2010, cando non superaban os 20.000 fogares.

### Variación interanual do paro de longa duración en Galicia no terceiro trimestre 2015-2018. Miles de persoas



Fonte: IGE

### Evolución do número de vivendas familiares onde todos os seus activos estean parados ou ocupados no terceiro trimestre 2010-2018



Fonte: IGE

## II- COMENTARIO

## DINÁMICAS DEL MERCADO INMOBILIARIO INDUSTRIAL

RAÚL PÉREZ BOÁN

ECONOMISTA - DIRECTOR DEL PORTAL [HTTP://BGMNAVESINDUSTRIALES.COM/](http://BGMNAVESINDUSTRIALES.COM/)

Hace una década nuestra economía comenzaba a sufrir los primeros efectos de crisis financiera internacional. Sus consecuencias fueron especialmente dañinas en el mercado inmobiliario. Entre 2009 y 2013, el Producto Interior Bruto (PIB) a precios de mercado cayó un 8%, el sector industrial un 11% y el de la construcción un 52%. A partir de 2014 la economía mejoró: en 2017 el PIB era un 14% superior al de 2013, mientras que la industria y la construcción se anotaban avances del 16% y 20% respectivamente.

En este contexto recesivo, el mercado inmobiliario industrial sufrió un fuerte castigo. Ante la reducción de pedidos y el endurecimiento de las condiciones financieras, las empresas se vieron obligadas a recortar producción y plantillas. Sus instalaciones, sus fábricas, sus espacios de exposición y ventas, pasaron a estar sobredimensionadas y salieron al mercado como vía para obtener recursos. Muchas compañías entraron en concurso de acreedores, fueron liquidadas o sufrieron embargos, y sus inmuebles pasaron también a engrosar la oferta. Y cuando hay

## Compraventas de naves industriales


Año	Nº de naves vendidas	Superficie promedio (m²)	Precio promedio (€)	Precio promedio (€/m²)
2008	13.042	1.163	463.747	399
2009	9.025	1.165	428.538	368
2010	7.848	1.163	419.696	361
2011	7.281	1.145	339.250	296
2012	6.746	1.468	332.224	226
2013	7.045	1.149	318.463	227
2014	8.614	1.348	329.352	244
2015	9.553	1.121	329.375	294
2016	10.770	1.327	346.320	261
2017	11.667	1.284	320.789	250

Fuente: Centro de Información Estadística del Notariado (CIEN)


exceso de oferta en el mercado los precios caen.

Tomando los datos publicados por el Centro de Información Estadística del Notariado (CIEN) podemos analizar la evolución de las compraventas de naves industriales en España entre 2008 y 2017. En la siguiente tabla se recoge el número de naves vendidas, su superficie media y el precio al que se escrituraron:

### Precio medio de venta por m<sup>2</sup>



### Número de naves vendidas



En los ejercicios 2009 y 2010 se produce la caída más brusca en el número de ventas. En 2009 caen un 30% respecto a los valores alcanzados en 2008. Entre 2008 y 2012 la caída fue del 48% pasando de las 13.042 operaciones anuales en 2008 a 6.746 en el año 2012. La tasa media de variación anual en este período se sitúa en el -15,19%. A partir de 2013 la

tendencia se invierte y se inicia un período de crecimiento sostenido hasta 2017 a una tasa media anual del 13,4%. En 2017 se vendían en España 1.375 naves menos que en 2008 (-10,5%).

En cuanto a los precios de venta por metro cuadrado, la tendencia también ha sido descendente pero su evolución fue diferente a la del número de transaccio-



nes y los precios actuales están todavía lejos de alcanzar los valores anteriores a la crisis. La caída fue especialmente pronunciada en los años 2011 y 2012. Entre 2008 y 2012 los precios caen un 43% y a partir de 2013 recuperan apenas un 10%, lejos de la evolución de las ventas, lo que pone de manifiesto que los precios de las naves industriales se han estabilizado en niveles más bajos: en 2017 el precio medio era un 37% inferior al de 2008. Las naves industriales tienen un vínculo estrecho con la actividad económica y por ello se necesitan años de consolidación hasta

la consecución de una reactivación firme en los precios.

Los datos anteriores ponen de manifiesto que en España se venden naves de tamaño pequeño, de apenas 1.100 metros cuadrados de superficie, una realidad directamente ligada al tipo de empresa predominante en nuestra economía.

Si acudimos a la Estadística Registral Inmobiliaria (ERI) elaborada por el Colegio de Registradores podemos ver las diferencias entre comunidades autónomas. El siguiente gráfico refleja los resultados obtenidos.


### Naves industriales. Precio medio de venta por m2. Índice 100=España

Comunidad Autónoma	2017	Comunidad Autónoma	2017
<b>Andalucía</b>	86	<b>Comunidad Valenciana</b>	83
<b>Aragón</b>	60	<b>Extremadura</b>	57
<b>Asturias</b>	76	<b>Galicia</b>	60
<b>Baleares</b>	172	<b>La Rioja</b>	80
<b>Canarias</b>	148	<b>Madrid</b>	173
<b>Cantabria</b>	108	<b>Murcia</b>	54
<b>Castilla-La Mancha</b>	62	<b>Navarra</b>	88
<b>Castilla y León</b>	61	<b>País Vasco</b>	159
<b>Cataluña</b>	121		

Fuente: Estadística Regional Inmobiliaria (ERI)

Seis de las diecisiete comunidades autónomas se sitúan por encima de la media nacional, con Madrid, Baleares y País Vasco encabezando la lista. Entre las que tie-

nen precios de venta inferiores al promedio, Murcia, Extremadura y Galicia presentan los menores índices. En el siguiente gráfico refleja los resultados obtenidos:



Centrando el objetivo en Galicia, podemos observar las diferencias entre provincias. Tomando los datos del portal inmobiliario industrial [bgmnavesindustriales.com](http://bgmnavesindustriales.com)

referidos a precios de alquiler y venta en los principales polígonos de las cuatro provincias gallegas nos encontramos con los siguientes resultados:

### Naves industriales. Precios medios de alquiler y venta (2017-2018)

Provincia	Superficie naves en alquiler (m2)	Superficie naves en venta (m2)	Precio alquiler (€/m2/mes)	Precio venta (€/m2)
<b>A Coruña</b>	1.073	1.972	2,26	496,00
<b>Lugo</b>	1.140	1.805	1,31	349,10
<b>Ourense</b>	1.168	1.872	1,63	349,44
<b>Pontevedra</b>	1.274	1.866	2,60	509,85

Fuente: Portal inmobiliario [bgmnavesindustriales.com](http://bgmnavesindustriales.com)

Pontevedra y A Coruña son por este orden las provincias donde los precios de venta y alquiler alcanzan valores más elevados. Ourense y Lugo presentan valores similares en cuanto a precios de venta pero la renta mensual de los alquileres en el segundo caso es inferior. En general, las superficies medias disponibles para la venta son mayores que las destinadas al

arrendamiento sin que haya diferencias significativa entre provincias. La rentabilidad bruta del alquiler oscila entre el 4,5% en Lugo y el 6,1% en Pontevedra, con Ourense y A Coruña ocupando posiciones intermedias (5,6% y 5,5% respectivamente).

Si descendemos al nivel de alguno de los principales polígonos industriales obtenemos los siguientes datos:

### Naves industriales. Precios medios de alquiler y venta (2017-2018)

Provincia	Municipios	Polígonos	Precio alquiler (€/m2/mes)	Precio venta (€/m2)
<b>A Coruña</b>	A Coruña	A Grela/Pocomaco	2,54	653,97
<b>A Coruña</b>	Ferrol/Fene/Narón	A Gándara/Vilar do Colo/Rio do Pozo	2,07	430,86
<b>A Coruña</b>	Santiago	Tambre	2,15	434,20
<b>Pontevedra</b>	Porriño	A Granxa	2,92	480,64
<b>Pontevedra</b>	Mos/Vigo	Sárdoma/ Lavadores/Rebullón/ Valladares	3,20	618,53
<b>Ourense</b>	San Cibrao das Viñas	San Cibrao das Viñas/ Barreiros	1,61	364,62
<b>Lugo</b>	Lugo	O Ceao	1,20	376,46

Fuente: Portal inmobiliario [bgmnavesindustriales.com](http://bgmnavesindustriales.com)

Los polígonos de la ciudad de A Coruña, A Grela y Pocomaco, el de A Granxa en Porriño y los del área de influencia de Vigo son aquellos en los que los precios de alquiler y venta presentan valores más elevados. Normalmente los polígonos centrales son los más caros puesto que también son los más demandados. Pero hay excepciones. Es el caso, por ejemplo, del polígono de Novo Milladoiro (Ames) que en la actualidad momentos presenta precios superiores al compostelano polígono del Tambre. A ello contribuye decisivamente su proximidad a la capital y también su configuración, puesto que el tamaño medio de las naves disponibles es de 678m<sup>2</sup> frente a los 1.176m<sup>2</sup> del polígono compostelano. Normalmente son las naves más pequeñas las que presentan valores unitarios más altos. La demanda de naves industriales nido, de superficies en tono a los 400m<sup>2</sup>, es muy elevada y la oferta suele ser escasa. Son la más demandadas por las pequeñas empresas y emprendedores y por ello es importante que exista una oferta suficiente de este tipo de inmuebles.

## CONSECUENCIAS DE LA CRISIS Y UNA MIRADA AL FUTURO

Vista la evolución del mercado inmobiliario industrial, es fácil comprender que las estimaciones sobre necesidades de suelo industrial realizadas en época de bonanza eran excesivas. Buena parte de las actuaciones proyectadas perdieron, en mayor o menor medida, su lógica. Los organismos y empresas públicas promotoras sufrieron las consecuencias de la congelación de las ventas y sus precios de venta se reve-

laron excesivos en un mercado deflacionario. Con expropiaciones y proyectos de urbanización cerrados, obras en curso y la necesidad de rebajar precios para reducir el stock de suelo, incurrir en pérdidas sería inevitable. El presupuesto público se encargaría de cubrirlas y los ciudadanos, en última instancia, de financiarlas.

En Galicia, las diferentes sociedades públicas con actuaciones sobre el territorio autonómico, con el Instituto de Galego de Vivienda e Solo (IGVS) y las cuatro Xestures a la cabeza (hoy fusionadas en Xestur, SA) se encontraron con una enorme bolsa de suelo en fase de venta o ejecución a la que no lograban dar salida. Actuaciones en zonas centrales como Morás en Arteixo, A Sionlla en Santiago, As Gándaras en Lugo, Cidade do Transporte en San Cibrao da Viñas, PLISAN en Salvaterra-As Neves, Veigadaña en Mos o el Puerto Seco de Monforte. Y también en zonas secundarias: Carballo, Catoira, Cee, Chantada, Guitiriz, Laracha, Muros, Malpica, Mondoñedo, Rábade, Rianxo, Santa Comba, Taboada, Vilanova de Arousa, Vimianzo, entre muchas otras.

La nueva realidad obligó a rebajar precios, establecer nuevos modos de comercialización y a replantear actuaciones en curso. Desde 2014 la Xunta apostó por la política de bonificaciones para impulsar las ventas con rebajas que van desde el 30% hasta el 50% en determinados polígonos de Lugo, Ourense, Costa da Morte y Ferrol. Estos descuentos han sido decisivos para relanzar las ventas y dinamizar los polígonos pero trajeron consigo números rojos: en 2017 Xestur SA tuvo pérdidas de 13,1 millones de euros. La Memoria de las cuentas anuales del ejercicio pone de manifiesto que la política de bonificaciones

de la Xunta permitió multiplicar las ventas de suelo pero con un fuerte impacto en la cuenta de explotación. Entre los años 2015 y 2017 los ingresos obtenidos por las 337 parcelas (806.846m<sup>2</sup>) vendidas con precio bonificado ascendieron a 40 millones de euros, unos 49€/m<sup>2</sup> de media.

La crisis puso también de manifiesto los errores de planificación. Por un lado por la proliferación de polígonos a lo largo del territorio en los que se invirtieron recursos importantes y que por su situación de abandono exigirán más en el futuro. Por otro, por la dimensión de las actuaciones y la gestión realizada. Tenemos dos buenos ejemplos, uno en el norte y otro en el sur.

En Arteixo, en el año 2005, se aprobó un proyecto sectorial para millón y medio de metros cuadrados, ampliables a cuatro millones. Las obras en el polígono de Morás llevan paradas desde el año 2012 y después de haber gastado unos cien millones de euros en expropiaciones, proyectos y obras, finalmente, la Xunta ha decidido urbanizar una primera fase de 1,1 millones de metros cuadrados. En el área de Vigo se planificó la Plataforma Logística de Salvaterra- As Neves (PLISAN), proyecto promovido por Xunta, Consorcio Zona Franca de Vigo (CZFB) y Autoridad Portuaria de Vigo. Nació en el año 2000 llamado a resolver los problemas de suelo industrial en el Sur de Galicia con cuatro millones de metros cuadrados. La Xunta aprobó el proyecto en 2002 pero en 2010 fue anulado por el Tribunal Supremo, entre otros aspectos, por incluir en su ámbito terrenos de especial protección forestal: un millón de metros cuadrados en los cuales ya se habían iniciado las obras de urbanización y realizado expropiaciones. El desenlace, quince años después, ha sido adaptar los

proyectos para ejecutar una primera fase de setecientos mil metros cuadrados.

Poniendo la mirada en el futuro, hemos de ser conscientes de que Galicia es territorio de pequeñas empresa. A pesar de contar con dos colosos como Inditex y PSA Peugeot-Citröen, lo cierto es que en la demanda en el sector inmobiliario industrial se concentra en naves industriales de tamaño medio y bajo, mayoritariamente en régimen de alquiler. Para quien opta por la propiedad, la demanda de suelo para edificar se enfrenta a la barrera que supone la bajada de precios de las naves industriales. La compra de suelo implica proyectos, licencias, obras... Un proceso más o menos largo hasta que la edificación proyectada está en condiciones de uso. Pero a medida que el stock de naves se vaya reduciendo y los precios suban, la demanda de suelo se intensificará entre otras razones porque el parque de naves industriales está envejeciendo y muchas de las disponibles no cumplirán los requisitos exigidos para desarrollar determinadas actividades, o la alternativa de adaptarlas supondrá un coste excesivo.

Es importante subrayar que la falta de eficiencia de los ayuntamientos a la hora de tramitar licencias y resolver expedientes es un asunto muy serio y que conviene abordar convenientemente porque los tiempos y procedimientos que manejan distan mucho de los que requiere una economía avanzada y competitiva. La Ley 5/2017 de fomento de la implantación de iniciativas empresariales en Galicia abordó la simplificación de la burocracia administrativa urbanística como medidas como la reducción a la mitad de los plazos de información pública y audiencia, la rebaja de los requerimientos exigidos para

considerar un proyecto como estratégico o la búsqueda de la implicación a nivel municipal. Estas iniciativas son positivas. Es necesario contar instrumentos urbanísticos ágiles y con reservas de suelo que permitan dar respuesta a proyectos de especial relevancia y a las necesidades de expansión de nuestras principales empresas. También es interesante pero despierta muchas más dudas el impacto real del protocolo de actuación ligado a los "Concellos Doing Business Galicia" a través del cual los municipios adheridos se comprometen a rebajar impuestos, precios del suelo y a recortar los plazos de tramitación de las solicitudes de licencia de obras. El margen de mejora en este campo es muy amplio y habrá que ver si las administraciones están a la altura.

Finalmente, conviene poner el foco en finalizar la ejecución de las primeras fases de los principales polígonos del área de A Coruña y Vigo, reservando parcelas para industrias de tamaño medio/grande y garantizando que cuenten con todos los servicios que se le exigen a los parques modernos. También en culminar las infraestructuras de transporte y comunicaciones, en particular, el acceso ferroviario a los puertos exteriores de A Coruña y Ferrol requisito imprescindible para reforzar su competitividad y que con seguridad contribuirá a dinamizar también la actividad económica en su entorno. Todas las demás actuaciones en materia de suelo industrial deberían de ser analizadas

echando mano de los indicadores y de la información que puedan suministrar los agentes que operan en el mercado. Esa información ha de ser fiable y debe ser correctamente interpretada y gestionada para evitar errores. ¿Está funcionando el Registro de Demandantes de Suelo Empresarial que la Xunta puso en funcionamiento en 2014? El hecho de que cuando el usuario solicita la inscripción tenga que pagar una cuota en función de la superficie reservada ¿lo hace menos eficiente? ¿Cómo va a funcionar el Censo de Suelo Empresarial de Galicia que ha cumplido ya su primer aniversario?

Con la mejora de comunicaciones y una buena gestión de las mismas no es necesario contar con tantos polígonos. Es preferible completar los que están en marcha evitando que los errores del pasado se trasladen a los precios. Por ello, las bonificaciones tendrán que mantenerse en el tiempo. También sería oportuno analizar la posibilidad de potenciar la construcción en polígonos promovidos por el IGVS y por Xestur de naves modulares de pequeño tamaño para dedicarlas al alquiler o al alquiler con opción de compra. Incluso permitir al que el sector privado pueda adquirir determinadas parcelas para construir naves y destinarlas al alquiler, estableciendo precios máximos si fuera oportuno. Esto facilitaría el acceso de las pequeñas empresas y autónomos a los nuevos polígonos y contribuiría a su revitalización.


### III- ACTUALIDADE FORO

## EFFECTOS DA CRISE ECONÓMICA EN GALICIA A TRAVÉS DE 25 CADROS OU GRÁFICOS.

*Pasaron xa once anos dende o comezo da crise económica e financeira iniciada no ano 2008 cando se experimentaron dous trimestres consecutivos de taxas de variación intertrimestrais negativas. Ao longo destes once anos, pódense salientar tres momentos clave, e que son os que con carácter xeral tómanse como referencia: o segundo trimestre de 2008, cando se inicia a crise económica; o cuarto trimestre de 2013, cando a economía galega inicia a súa recuperación económica; e o segundo trimestre de 2017, cando se acaba o nivel precrise en termos do PIB real.*

*O obxecto deste comentario é ofrecer, dunha maneira sintética, unha imaxe dos efectos da crise económica a partir dos datos recollidos nos seguintes gráficos e cadros*

**Gráfico 1.- Evolución do PIB real en Galicia e España, 2007-2018.**




Fonte: IGE e INE

Dende o comezo da crise económica as economías españolas e galegas experimentaron dúas recesións, sendo a primeira de maior intensidade aínda que máis curta en canto á duración da mesma. No segundo semestre do ano 2013 a economía galega saíu da segunda recesión, encadeando dende o segundo trimestre de

2015 doce trimestres consecutivos con taxas de crecemento interanuais iguais ou superiores ao 3%. Ao mesmo tempo, cómpre destacar que ao longo dos últimos dez trimestres Galicia presenta unha medra interanual igual ou superior á media estatal, o que explica o proceso de converxencia activa coa economía española.

**Gráfico 2.- Evolución do PIB real en Galicia e España, 2007-2018. Segundo trimestre de 2008 =100**




Fonte: IGE e INE

Tomando como referencia o segundo trimestre do ano 2008, por ser este cando se acadou o valor máis alto do PIB previa á crise, a economía galega acadou o seu valor máis reducido no segundo trimestre de 2012, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado (terceiro trimestre de 2013). En ambos os dous casos, o nivel precrise supérase no segundo trimestre de 2017.

A crise económica supuxo unha contracción moi importante da demanda interna,

que se traduce en achegas negativas ao crecemento agregado do PIB, especialmente significativas no ano 2009, segundo semestre de 2011 e no primeiro trimestre de 2013. Foi a partir do segundo trimestre de 2014, coa consolidación da recuperación económica cando tanto a achega interna como externa contribúen positivamente ao crecemento do PIB, se ben o saldo exterior neto é negativo no segundo trimestre de 2018.

**Gráfico 3.- Evolución do PIB real en Galicia e España, 2007-2018. Distribución segundo demanda interna e externa**



**Cadro nº 1. Poboación residente**

	1 xullo 2008		1 xaneiro 2014		1 xaneiro 2018	
	Galicia	G / E	Galicia	G / E	Galicia	G / E
<b>Poboación residente</b>	2.759.988	6,00%	2.747.226	5,91%	2.703.290	5,79%
<b>menor de 14 anos</b>	316.586	4,68%	328.472	4,65%	323.493	4,64%
<b>entre 15 e 64 anos</b>	1.844.035	5,83%	1.771.738	5,71%	1.706.892	5,56%
<b>65 e máis anos</b>	599.369	7,91%	647.016	7,67%	672.904	7,51%
<b>85 e máis anos</b>	83.101	8,94%	103.516	8,30%	121.657	8,30%
<b>Poboación estranxeira</b>	97.322	1,85%	94.326	2,02%	95.601	2,09%
<b>Emigración externa (1)</b>	26.916		30.154		30.249	
<b>Inmigración externa (1)</b>	44.726		27.875		36.932	
<b>Taxa bruta natalidade (2)</b>	8,39		7,16		7,02	
<b>Taxa bruta mortalidade (2)</b>	10,73		10,92		11,70	

(1) Poboación que sae ou entra en Galicia. Datos correspondentes aos anos 2008, 2014 e 2017

(2) Datos correspondentes aos anos 2008, 2014 e 2016 (último dato dispoñible)




O impacto da crise económica na evolución e na estrutura poboacional constitúe un dos aspectos máis preocupantes. Dunha banda, a Comunidade Autónoma presenta unha perda continuada da súa poboación residente dende comezo de 2011, situándose a 1 de xaneiro de 2018 nas 2.703.290 persoas, case 57.000 residentes menos que ao inicio da crise económica. Asemade, debe resaltarse a gravidade da evolución da natalidade en

Galicia e a reducida taxa bruta de natalidade, que no último ano sitúase en 7,02 nacementos por cada mil habitantes. Ligado á devandita baixa natalidade, cómpre resaltar a caída da poboación con idades comprendidas entre 20 e 34 anos), que presenta unha redución superior ás 190.000 persoas menos en relación con xullo do ano 2008 (-33%).

Xunto a devandita perda poboacional en termos absolutos, Galicia presenta unha

**Gráfico 4. Evolución da poboación galega 2008-2018**



merma continuada do peso relativo da poboación galega no total estatal que se sitúa en xaneiro de 2018 no 5,79%, cando no inicio da crise esta porcentaxe superaba o 6%. Asemade, cómpre destacar o elevado peso da poboación maior de

85 anos, que no último ano representa o 8,30% da poboación española con esa franxa de idade, porcentaxe moi superior á da poboación menor de 14 anos, que supón o 4,64% (8,94% e 4,68% en xullo de 2008).

## Cadro nº 2. Distribución sectorial do VEB.

	2T 2008	4T 2013	2T 2017	3T 2018
<b>Agricultura e pesca</b>	4,9	5,6	5,3	5,2
<b>Industria (incluída a enerxía)</b>	19,8	19,7	18,6	19,1
- <b>Industria manufactureira</b>	16,1	13,3	14,0	14,1
<b>Construción</b>	12,1	6,6	7,1	7,4
<b>Servizos</b>	63,1	68,1	69,0	68,4
- <b>Comercio, transporte e hostalería</b>	22,6	23,5	25,4	25,5
- <b>Admón pública, sanidade e educación</b>	17,2	19,4	18,8	18,4
- <b>Actividades inmobiliarias</b>	7,0	10,4	9,3	9,1
- <b>Actividades profesionais</b>	5,5	5,4	5,8	5,9
- <b>Resto servizos</b>	10,9	9,5	9,7	9,5
<b>Total</b>	100	100	100	100

A crise económica incidiu de xeito moi acusado no sector da construción, que experimenta unha forte caída do seu peso relativo no valor engadido bruto xerado (veb) en Galicia, acadando o 7,4% no terceiro trimestre de 2018 fronte ao 12,1% do ano 2008. Con todo, é importante mencionar que coa recuperación económica, o seu peso relativo aumentou en oito décimas (6,6% a finais de 2013). Ademais, salientase a preocupación pola intensidade da recuperación do peso da industria manufactureira no veb galego, xa que da caída de case 3 puntos porcentuais experimentada entre o segundo trimestre de 2008 e o cuarto de 2013, coa recuperación económica a súa importancia relativa ascende dende o 13,3% ata o 14,1% do último trimestre, dous puntos porcentuais menos que en 2008.

O sector servizos aumenta a súa importancia relativa no veb, que se sitúa no último trimestre do ano no 68,4%, máis de cinco puntos por riba do rexistrado ao comezo da crise. Este incremento prodúce-

se de xeito máis significativo en sectores tradicionais e maduros como o comercio, transporte e hostalería ou a administración pública e as actividades inmobiliarias. Fronte a esta evolución preocupante, entre os anos 2008 e 2015 o peso das actividades profesionais, que son as vinculadas a xeración de maior valor engadido, aumenta tan só en catro décimas, concentrando en case 6% do veb.

No que ao sector empresarial se refire, no conxunto do período analizado o número de empresas descende en máis de 2.573 empresas (-1,3%), destacando, en liña do acontecido coa evolución do veb, a caída do 21,3% rexistrada no sector da construción (-8.021 empresas), e da industria manufactureira, cun 16,9% (-2.417 empresas). No período de crise económica, o número de empresas descende un 5,7% (máis de 11.500 empresas menos), situándose esta caída no 21,8% e 18,7% no caso da construción e a industria de manufacturas. Por contra, coa recuperación iniciada en 2014, o tecido empresa-

### Cadro nº 3- Distribución das empresas atendendo aos sectores.

	2008*	% 2008	2014*	% 2014	2018*	% 2018
<b>Industria</b>	15.350	7,5	12.676	6,6	12.970	6,5
<b>Ind. manufacturera</b>	14.308	7,0	11.637	6,1	11.891	5,9
<b>Construción</b>	37.707	18,5	29.475	15,4	29.686	14,8
<b>Comercio</b>	53.990	26,5	49.542	25,8	48.081	23,9
<b>Resto servizos</b>	96.327	47,4	100.052	52,2	110.064	54,8
<b>TOTAL</b>	203.374	100	191.745	100	200.801	100

\*Dato correspondente a 1 de xaneiro de cada ano

### Cadro nº 4.- Empresas en función do nivel do número de asalariados

	2008*	% 2008	2014*	% 2014	2018*	% 2018
<b>Sen asalariados</b>	100.116	49,22	98.870	51,56	108.380	53,97
<b>Entre 1 y 2 asalariados</b>	61.904	30,43	61.477	32,06	59.204	29,48
<b>Entre 3 y 5 asalariados</b>	21.512	10,57	17.978	9,38	18.577	9,25
<b>Entre 6 y 9 asalariados</b>	9.213	4,53	6.496	3,39	7.008	3,49
<b>Entre 10 y 19 asalariados</b>	5.886	2,89	3.787	1,98	4.139	2,06
<b>Entre 20 y 49 asalariados</b>	3.317	1,63	2.105	1,10	2.331	1,16
<b>Entre 50 y 99 asalariados</b>	821	0,40	588	0,31	651	0,32
<b>Más de 100 asalariados</b>	595	0,29	444	0,23	511	0,25
<b>TOTAL EMPRESAS</b>	203.374	100	191.745	100	200.801	100

\* Datos correspondentes a 1 de xaneiro de cada ano

rial galego aumenta un 4,7% (9.056 empresas máis), producíndose esta medranos devanditos sectores (0,7% e 2,2%, respectivamente).

Un dos grandes problemas do sector empresarial galego é a súa acusada atomización empresarial. O peso relativo das empresas sen asalariados aumenta ao longo da serie analizada, representando en 2018 o 54% das empresas galegas fronte ao 51,6% rexistrado no comezo da recupera-

ción económica e o 49,2% ao inicio da crise. As empresas de 1 e 2 traballadores descende para situarse no 29,5%, 2,5 puntos inferior ao peso do ano 2014 e un punto menos que en 2008. En termos absolutos, ao longo da crise económica o número de empresas descende en todos os estratos de asalariados, aumentando por contra na época de expansión económica agás no caso das empresas de 1 a 2 asalariados.

### Cadro nº 5. Gastos en I+D e distribución segundo estamentos investidores

	2008	2013	2017
<b>TOTAL GASTOS (miles de euros)</b>	584.213	468.701	570.946
<b>Gasto per cápita (euros)</b>	211,70	170,20	211,20
<b>% sobre PIB</b>	1,00%	0,87%	0,94%
<b>% Galicia/España</b>	3,97%	3,60%	4,06%
<b>Distribución porcentual do gasto</b>			
<b>Empresas</b>	48,10 %	45,86%	50,69%
<b>Administración Pública e IPsFL</b>	13,27 %	14,86%	14,95%
<b>Ensino Superior e Universidades</b>	38,63 %	39,56%	34,35%
		(1)	


(1) A porcentaxe corresponde ao dato do ano 2012.

A crise económica supuxo un importante descenso do investimento en I+D tanto en termos absolutos como relativos, que en parte se corrixe co inicio da recuperación en 2014. Entre os anos 2008 e 2013 o gasto interno en actividades de I+D redúcese un 19,8%, para situarse nas 468,7 millóns de euros, en tanto que o gasto per cápita descende ata os 170,20 euros, 41,50 euros menos que en 2008. Coa expansión económica, o gasto total e o gasto per cápita aumenta en 2017 ata os 570,9 millóns de euros e 211,20 euros por persoa, cifras que próximas ao nivel precrise. Asemade, cómpre resaltar que en Galicia, por primeira vez dende o comezo da crise, o peso do investimento do sector público é inferior á do privado, se ben mentres que na crise o sector público sostén a caída deste investimento (representa


o 54,16% en 2013 fronte ao 51,9% en 2008), a partir do ano 2013 o sector empresarial aumenta a súa importancia relativa, ao acoller o 50,7% do gasto fronte ao 45,9% de 2013.

O esforzo investidor de Galicia, medido pola relación do gasto en actividades de I+D e o PIB, sitúase, a pesar da súa recuperación, aínda lonxe da media española e europea. Mentres que tanto Galicia como España presentan no ano 2016 a rateo máis reducida de toda a serie, ao contrario do que acontece no conxunto da UE, o forte incremento do gasto interno en 2017 explica que no último ano o esforzo investidor en Galicia aumentara ata o 0,94%, porcentaxe non só significativamente inferior á media europea e española, senón tamén moi lonxe do obxectivo do 1,7% fixado no Plan Estratégico de Galicia para o ano 2020.

### Gráfico 5. Evolución do esforzo investidor 2008-2017



### Gráfico 6. Emprego nas actividades de I+D 2008-2017



En termos de emprego, a medra do gasto en actividades de I+D Galicia trasládase ao mercado de traballo, ao contar con 9,8 persoas ocupadas en actividades de I+D por cada mil ocupadas e 5,6 investigadores por cada mil ocupados. Estas rateos son as

máis elevadas dende o ano 2010, se ben mantense por baixo da media estatal ao longo de todo o período considerado. Cómpre resaltar que ambos os dous indicadores presentan valores por riba do estimado para o ano 2008.

### Cadro nº 6.- Comercio exterior (millóns de euros)

	Exportacións		Importacións		Saldo comercial		Taxa cobertura
	Total	UE-28	Total	UE-28	Total	UE-28	
<b>2008</b>	15.739,7	76,4%	15.496,2	54,3%	243,5	3.606,8	101,57
<b>2009</b>	13.957,3	77,4%	13.164,2	59,7%	793,1	2.933,3	106,02
<b>2010</b>	14.911,9	76,1%	13.699,7	53,8%	1.212,2	3.975,3	108,85
<b>2011</b>	17.146,3	72,1%	14.332,3	50,8%	2.814,0	5.080,5	119,63
<b>2012</b>	16.662,8	68,1%	15.008,9	48,4%	1.653,9	4.088,3	111,02
<b>2013</b>	18.758,2	67,3%	14.639,5	52,9%	4.118,7	4.883,0	128,13
<b>2014</b>	17.809,7	72,3%	14.413,3	59,9%	3.396,4	4.247,4	123,56
<b>2015</b>	18.924,0	75,0%	15.108,5	59,4%	3.815,5	5.206,5	125,25
<b>2016</b>	19.981,3	75,3%	15.508,5	59,3%	4.472,7	5.854,8	128,84
<b>2017</b>	21.676,3	75,1%	17.140,8	56,5%	4.535,4	6.601,5	126,46
<b>2018 (1)</b>	17.106,4	78,3%	14.095,7	54,3%	3.010,7	5.730,4	121,36


(1) Datos acumulados de xaneiro a setembro

No seu conxunto, os datos agregados do sector exterior son considerados como un dos aspectos máis favorables, destacando fundamentalmente o incremento da balanza comercial positiva. No ano 2017, último ano con datos completos, o saldo comercial acadou o seu valor máximo superando os 4.500 millóns de euros (243,5 millóns en 2008), mentres que nos nove primeiros meses de 2018 o superávit comercial supera os 3.000

millóns. Asemade, cómpre resaltar que a taxa de cobertura, definida como a relación entre o valor das exportacións e importacións, mantense sempre por riba do 120% dende o ano 2013.

Con todo, recoñécese que os devanditos datos positivos redúcense de xeito considerable tendo en conta tanto a elevada concentración xeográfica, reflectida no cadro 6, como sectorial. Dunha banda, o mercado comunitario

### Gráfico nº 7. Evolución do peso relativo das principais actividades exportadoras en Galicia 2008-2018 (%)



(1) 2018 corresponde ao dato acumulado xaneiro-setembro

representa as tres cuartas partes das vendas exteriores das empresas galegas e máis da metade das importacións, destacando Francia e Portugal como os principais destinos, ao concentrar en torno ao 32% das exportacións totais galegas nos últimos dous anos. Sen embargo, é importante subliñar a caída da importancia relativa destes dous países que en 2008 e 2009 acollían case o 51% das vendas exteriores.

No concernente á elevada concentración sectorial, a automoción e as prendas de vestir no seu conxunto son as principais ramas exportadoras, concentrando neste último ano case o 44% do valor total das vendas das

empresas galegas ao exterior (47,8% no ano 2008). A continuación sitúase a industria de alimentación, con case un 12% (10% ao comezo da crise). Atendendo á evolución dos últimos anos, cómpre resaltar o cambio producido coa recuperación económica, cando o sector têxtil e confección consolídase como principal actividade exportadora.

A xa mencionada crise trasladouse de xeito directo ao mercado de traballo, que presenta un grave deterioro das principais magnitudes seleccionadas. Entre 2008 e 2013, Galicia experimentou un gran incremento da taxa de paro e un forte descenso da

### Cadro nº 7. Mercado Laboral (miles persoas).


	2T 2008	4T 2013	2T 2017	3T 2018
<b>Poboación maior de 16 anos</b>	2.398,9	2.377,2	2.343,9	2.333,4
<b>Poboación Activa</b>	1.310,2	1.283,5	1.250,3	1.249,4
<b>Poboación Ocupada</b>	1.202,2	1.002,6	1.048,9	1.096,5
<b>Poboación Asalariada</b>	926,5	778,3	821,3	879,5
<b>Poboación Desempregada</b>	108,1	280,9	201,5	153,0
<b>Pob. parada de longa duración</b>	44,4 (1)	147,6	103,2	63,3
<b>Poboación Inactiva</b>	1.088,7	1.093,7	1.093,6	1.084,0
<b>Paro Rexistrado</b>	156,4	270,0	198,0	164,7
<b>Taxa de Actividade</b>	54,6%	54,0%	53,3%	53,6%
<b>Taxa de Ocupación</b>	50,1%	42,2%	44,8%	47,0%
<b>Taxa de Paro</b>	8,3%	21,9%	16,1%	12,2%

(1) O dato de paro de longa duración corresponde ao terceiro trimestre de 2009, primeiro ano da serie publicado

taxa de ocupación, que se sitúan no derradeiro trimestre de 2013 no 21,9% e 42,2%, respectivamente. Coa recuperación económica, estes indicadores melloran ao longo dos distintos

trimestres, ata situarse a taxa de desemprego no 12,2% e a de ocupación no 47%. En ambos os dous casos estas porcentaxes aínda presentan niveis peores que ao comezo da crise.

### Gráfico nº 8. Evolución da poboación activa total e poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos en Galicia (miles de persoas)






Un dos graves problemas do mercado de traballo galego é o paulatino descenso da poboación activa, especialmente grave no caso da poboación de 25 a 34 anos. Dende o segundo trimestre de 2008 ata o cuarto de 2013, o número de activos descendeu en 26.700 persoas, sendo este descenso de 34.100 persoas desde ese momento ata a actua-

lidade. Por contra, a poboación activa con idades comprendidas entre 25 e 34 anos descende en 67.800 persoas ao longo do período de crise e en 70.700 persoas nos últimos cinco anos. Dende o segundo trimestre de 2008, o descenso da poboación activa foi do 4,6% sendo esta porcentaxe do 37,5% no caso dos activos de 25 a 34 anos.

**Gráfico nº 9. Evolución da poboación ocupada e parada en Galicia. Segundo trimestre 2008 = 100.**



Tomando como referencia o segundo trimestre de 2008, mentres que o PIB real supera o nivel precrise no segundo trimestre de 2017, o emprego atópase lonxe dese nivel. Dunha banda, a poboación ocupada en Galicia é aínda un 8,2% inferior, en tanto que o número

de parados é un 41,5% superior. As maiores dificultades da economía galega á hora de crear emprego en relación á media española reflíctese no feito de que o número de ocupados a nivel estatal está máis preto do novel precrise (5,4 puntos por baixo).

### Cadro nº 8. Produtividade aparente do traballo. (España=100)



	2T 2008	4T 2013	2T 2017	3T 2018
<b>Agricultura, gandería e pesca</b>	84,8	95,3	99,3	103,4
<b>Industria</b>	85,3	89,0	86,2	86,3
<b>Industria manufactureira</b>	84,6	75,7	80,4	78,7
<b>Construción</b>	94,8	83,2	96,0	98,6
<b>Servizos</b>	86,9	90,7	98,4	98,8
<b>Conxunto de Galicia</b>	87,3	89,9	95,5	96,5

Tendo en conta a evolución do emprego e do PIB, a produtividade do factor traballo aumenta o seu peso relativo no total estatal ata o 96,5% do terceiro trimestre do ano 2018. No último trimestre do ano tan só o sector primario presenta unha produtividade aparente superior á media estatal, situándose próximos a ela a construción e o sector servizos. Por contra, a industria manufactureira sitúase por baixo do 80% da media española, se ben é sensiblemente inferior á porcentaxe rexistrada ao comezo da crise económica (84,6%).

Atendendo a súa evolución dende o comezo da crise, tan só a industria manufactureira presenta no último tri-

mestre de 2018 un peso relativo inferior ao rexistrado no segundo trimestre de 2008. Entre os dous extremos da serie, o seu peso descende en máis de nove puntos, representando no último ano o 78,7% da produtividade media española no sector fronte ao 88% en 2008. Con todo, e tal e como se aprecia no gráfico, cómpre resaltar que a produtividade aparente do sector manufactureiro descende ata o 72,8% acadado no cuarto trimestre de 2012, ascendendo a partir de entón ata os devanditos 78,7%. Tan só o sector primario presenta valores superiores á media española, fundamentalmente nos anos 2014 e 2015.

## Gráfico 10. Evolución da produtividade aparente do factor traballo en Galicia 2008-2018



En termos absolutos, a produtividade aparente do conxunto da economía e do sector manufacturero medra tanto en Galicia como no Estado, se ben cómpre resaltar dúas diferenzas. Dunha banda, en Galicia a produtividade

aparente da industria manufacturera sitúase sempre por baixo da produtividade da economía galega: Doutra, no conxunto do Estado, a produtividade manufacturera supera á total a partir do segundo semestre de 2011.


### Cadro nº 9. Porcentaxe da remuneración dos asalariados no PIB.

	Remuneración asalariados		Excedente Bruto de Explotación/ Rendas mixtas	
	Galicia	España	Galicia	España
<b>2 trimestre 2008</b>	46,7%	50,0%	45,4%	42,3%
<b>4 trimestre 2013</b>	44,2%	47,0%	46,2%	43,1%
<b>2 trimestre 2017</b>	42,6%	46,9%	47,4%	42,9%
<b>3 trimestre 2018</b>		47,4%		42,2%

O baixo peso relativo da remuneración dos asalariados no PIB en comparación co que sucede en España, así como a súa tendencia descendente ten de destacarse como aspecto preocupante. No segundo trimestre do ano 2018 (último dato dispoñible) a remuneración de asalariados en Galicia re-

presenta o 42,7% do PIB superando o 47% ao longo de todo o ano 2018 no conxunto do Estado. Ao longo de todo o período a remuneración de asalariados en España é superior a estimada en Galicia, superando acadando os diferenciais máis elevados a partir do ano 2015.

### Gráfico 11. Evolución da remuneración dos asalariados e o Excedente Bruto de Explotación 2008-2018.



A remuneración de asalariados presenta en Galicia unha tendencia descendente ata o cuarto trimestre de 2016, permanecendo relativamente constante a partir desa data. O aspecto máis sa-

lientable é que a partir do cuarto trimestre do ano 2012, a remuneración de asalariados en Galicia supera ao Excedente Bruto de Explotación. Feito que non sucede no conxunto do Estado.

### Cadro nº 10. Evolución dos custos laborais (medias anuais).

	Custo laboral por traballador e mes (€)	% variación	Custo laboral por hora efectiva (€)	% variación
<b>2008</b>	2.124,30	3,6	15,65	4,0
<b>2009</b>	2.199,68	3,5	16,43	5,0
<b>2010</b>	2.251,33	2,3	16,80	2,3
<b>2011</b>	2.265,33	0,6	17,10	1,8
<b>2012</b>	2.206,23	-2,6	16,78	-1,9
<b>2013</b>	2.260,15	2,4	17,18	2,4
<b>2014</b>	2.261,40	0,1	17,08	-0,6
<b>2015</b>	2.246,18	-0,7	17,15	0,4
<b>2016</b>	2.248,28	0,1	17,38	1,3
<b>2017</b>	2.288,88	1,8	17,65	1,6
<b>2018</b>	2.273,75	1,7	16,95	2,1


(1) Os datos de 2018 corresponden ao primeiro semestre do ano. Variación respecto ao mesmo período do ano anterior.

O custo laboral por hora efectiva e o custo laboral por traballador e mes acadan no primeiro semestre do ano 2018 un total de 16,95 euros e 2.273,75 euros, respectivamente, sendo este importe superior ao estimado ao comezo da crise económica. Tomando como referencia a media anual, os valores máis elevados rexístranse no ano 2017.

Atendendo á súa evolución ao longo

dos últimos anos e a súa comparación co resto do Estado, tanto o custo laboral por traballador e mes como o custo laboral por hora atópanse en Galicia por baixo da media española, se ben manteñen unha tendencia converxente en ambos os dous casos. No segundo semestre de 2018, o custo por hora representaba o 88,5% do custo medio en España, en tanto que o custo por traballador e mes era do 98,2%.

**Gráfico 12.- Evolución do custo laboral en Galicia. España = 100**



**Cadro nº 11. Evolución da taxa de risco de pobreza e taxa de risco de pobreza ou exclusión social (ARPE) (en porcentaxe)**

**Desigualdade**

	2008	2010	2012	2014	2017
<b>PIB per capita (euros)</b>	21.226	20.574	19.533	19.706	22.497
<b>Índice (España=100)</b>	87,4	88,6	87,9	88,6	90,0
<b>Índice (UE-28=100)</b>	88,5	85,1	79,7	79,3	81,8*
<b>Índice de Gini</b>	0,272	0,278	0,283	0,283	0,272

**Taxa de risco de pobreza**

	2008	2010	2012	2014	2017
<b>GALICIA</b>	20,9	18,1	18,3	15,4	18,7
<b>ESPAÑA</b>	19,8	20,7	20,8	22,2	21,6

**Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (indicador AROPE)**

	2008	2010	2012	2014	2017
<b>GALICIA</b>	25,1	22,7	23,8	23,8	22,6
<b>ESPAÑA</b>	23,8	26,1	27,2	29,2	21,6


\* corresponde a 2016.

(1) As taxas de pobreza calcúlanse con datos de renda do ano anterior

Dentro dunha evolución irregular, a taxa de risco de pobreza presenta ao longo de toda a serie valores elevados. A taxa de risco de pobreza ou exclusión social (indicador AROPE) presenta valores superiores á media

española nos 2008 e 2017, situándose neste último ano no 22,6%, un punto por riba do rexistrado para o conxunto do Estado. En ambos os dous caos, estas porcentaxes son inferiores ás do ano 2008.

**Gráfico 13. Evolución da converxencia da economía de Galicia respecto da media española e comunitaria**




O PIB per cápita galego supera o nivel precrise no ano 2016, ascendendo ata os 22.497 euros no ano 2017, case 1.300 euros máis que antes da crise. Esta rateo segue a estar por baixo da media europea a española, se ben, por mor do mellor comportamento da economía galega nestes dous últimos anos, o indicador aumenta ata o 90% en relación a España (87,4% en 2008)

e ata o 81,8% en relación á media comunitaria (88,5% antes da crise).

A incidencia da crise económica no mercado de traballo reflíctese no forte descenso do número de fogares onde todos os seus activos son ocupados, así como nunha medra dos fogares onde todos os seus activos son parados así como das vivendas sen ningún preceptor de ingresos. Coa recupera-

**Gráfico 14. Evolución do número de fogares (vivendas familiares) onde todos os seus activos están parados ou ocupados 2009-2018**



ción económica comeza o incremento dos fogares onde todos os seus activos están ocupados, acadando por primeira vez un nivel superior ao terceiro trimestre de 2009 (primeiro

ano da serie dispoñible). Por contra, os outros dous indicadores seleccionados aínda presentan valores superiores a 2009 a pesar do descenso experimentado.



**[www.foroeconomicodegalicia.es](http://www.foroeconomicodegalicia.es)**

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.



SOCIOS



**//ABANCA**